

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O DÍA DEZASEIS DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZASEIS.

ASISTENTES:

Alcalde-presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiro/as:

D. Pedro Amado Permuy
Dna. Raquel Caruncho Corral
D. José Simoes Couceiro
Dna. Yolanda Vázquez Busto.
Dna. Silvia Fornos Permuy.
Dna. Marta Pico Machado.
D. Javier Crespo Romeo.
Dna. María Carmen Piñeiro Varela.
Dna. Ascensión de Vicente Olarte.
D. Andrés Pérez Pérez.
Dna. Ana Veira García.

Non asiste:

D. Jorge Serafín Allegue Freire

Secretario-Accidental:

D. Alberto Pensado Seijas

Interventora:

Dna. Silvia Lamelas Soto.

No Concello de Ponte deume, a dezaseis de setembro de dous mil dezaseis, sendo as nove horas e seis minutos, reuníronse no Salón de Plenos da Casa Consistorial, baixo a presidencia do señor Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro, coa asistencia do Secretario-Accidental e a Señora Interventora, e dos señores concelleiros e concelleiras relacionados á marxe; co obxecto de desenvolver unha sesión extraordinaria urxente do Pleno, en base á orde do día circulada e para o que foron legalmente convocados e convocadas.

O Secretario-Accidental verifica que na primeira convocatoria existe quórum suficiente de constitución.

Previa a apertura do acto, a portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas, Dna. Ana Veira, xustifica a ausencia de D. Jorge Serafín Allegue Freire para, de seguido, a Presidencia, abrir a sesión e tratárense dos asuntos comprendidos na Orde do día.

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

O Sr. Presidente toma a palabra para xustificar a urxencia da sesión. D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que a necesidade de adoptar o acordo sen agardar ao Pleno Ordinario ven motivada pola solicitude do propio Consorcio Galego de Igualdade e Benestar da Xunta de Galicia ante a celebración das eleccións ao Parlamento Galego a coxuntura dun goberno en funcións xa que o obxectivo é iniciar a obra este ano, axilizando así a tramitación.

Non habendo intervencións ao respecto, sométese a votación a urxencia do asunto, quedando **RATIFICADA** urxencia **por UNANIMIDADE** dos concelleiros e concelleiras presentes.

2.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DA IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REFORMA E AMPLIACIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL NO CONCELLO DE PONTEDEUME. ACORDOS QUE PROCEDAN.

"PROPOSTA DE ACORDO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REFORMA E AMPLIACIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL NO CONCELLO DE PONTEDEUME



DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME, (A CORUÑA).

Vista a necesidade de executar as obras para a reforma e ampliación da Escola Infantil Municipal "Chalé Rosa", e dar cobertura así á demanda cidadá de incrementar o número de prazas do ensino de 0 a 3 anos no noso Concello.

Tendo en conta que, logo da valoración e as xestións realizadas dende a institución municipal na busca dunha opción que, dando cobertura ao obxectivo que se propón, supuxera un investimento asumible para as arcas municipais.

Tendo en conta o proxecto básico e de execución, redactado polo arquitecto D. Óscar Sánchez Martínez, rexistro de entrada nº 43 de 12/07/43 presentado na Sede Electrónica e o modificado nº 5142 de 21/07/2016 logo das observacións realizadas a aquel polo Servizo de Patrimonio Cultural, Xefatura Territorial, da Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en documento con rexistro de entrada nº5108 de 19/07/2016.

Vista a conformidade dos servizos técnicos do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar (recibida por correo electrónico o 15/09/2016 e rexistro de entrada nº6235) ao texto do convenio, unha vez que o Concello formulou unha serie de propostas ao texto orixinal elaborado por aquel.

Proponse ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.-Aprobar o "Convenio de Colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Pontedeume para o financiamento das obras de reforma e ampliación dunha escola infantil no concello de Pontedeume", cuxo texto se transcribe a continuación:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REFORMA E AMPLIACIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL NO CONCELLO DE PONTEDEUME

REUNIDOS

Dunha parte, José Manuel Rey Varela, Conselleiro de Política Social, en virtude da súa condición de Presidente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar segundo os estatutos que o regulan publicados no DOG núm. 131 do 7 de xullo de 2006.

E doutra, Bernardo Fernández Piñeiro, actuando en representación do Concello de Pontedeume, en virtude da súa condición de Alcalde Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 61 da Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente Convenio, no exercicio dos seus respectivos cargos, e dentro do marco dos principios de coordinación, colaboración e respecto mutuos que deben informar as relacións entre ambas as dúas administracións

EXPOÑEN:

I.- Que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (en diante o Consorcio), creado en virtude do convenio de colaboración subscrito o día 3 de xullo de 2006, ten como misión primordial, de acordo co artigo 6 dos seus estatutos, publicados no DOG do 7 de xullo de 2006, a participación na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local, (centros de prestación de servizos sociais de atención especializada e tamén centros de prestación de servizos sociais de atención primaria "cando así o solicite o concello interesado"), con atención especial á xestión integral de escolas infantís e na atención educativa e asistencial aos nenos e nenas menores de tres anos na forma de recursos, equipamentos, proxectos, programas e prestacións, no ámbito territorial dos entes consorciados.

Que o Consorcio nace así, de acordo ás súas finalidades e competencias, co obxecto de implantar un modelo homoxéneo de prestación de servizos sociais e desta maneira:

Garantir o acceso de todos os galegos e galegas a uns servizos sociais públicos de calidade, a través dunha oferta de recursos suficiente e equilibrada territorialmente;

Incrementar os niveis de cobertura, intensidade e calidade de atención dos distintos servizos e prestacións;

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Realizar unha distribución efectiva dos servizos e prestacións a fin de dar resposta ás necesidades reais da poboación, asignando equitativamente o uso e acceso aos recursos sociais dispoñibles, a través de procesos de planificación previa, e tendo como principio de actuación o mantemento das persoas no seu contorno propio.

II. Que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar no cumprimento dos seus fins, quere desenvolver as actuacións necesarias para o financiamento das obras de reforma e ampliación dunha Escola infantil no Concello de Ponte deume no exercicio das competencias que se lle atribúen no artigo 7 dos seus Estatutos publicados no DOG núm. 131 do 7 de xullo de 2007.

III. Que o Concello de Ponte deume adheriuse ao Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar por medio de Convenio asinado o 5/10/2006.

IV. Que en base ao anterior, ambas as partes manifestan expresamente o seu desexo de asinar un CONVENIO DE COLABORACIÓN para o financiamento das obras de reforma e ampliación dunha escola infantil no Concello de Ponte deume.

Por canto antecede, as partes formalizan o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O presente convenio ten por obxecto regular o marco de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Ponte deume para o financiamento das obras de reforma e ampliación dunha Escola infantil neste concello.

SEGUNDA.- O Consorcio desenvolverá o procedemento de licitación pública e de adxudicación dos traballos de execución das obras correspondentes ao proxecto de reforma e ampliación da Escola infantil que será redactado e aprobado polo concello.

TERCEIRA.- O Concello é titular dunha edificación denominada "Chalet Rosa" destinada na actualidade a Escola infantil municipal que se sitúa na parcela con referencia catastral 7863311NJ6076S0001GW emprazada na Avenida Ricardo Sánchez s/n, no termo municipal de Ponte deume.

A parcela deberá ser posta a disposición e con cantos servizos sexan necesarios e a pé da mesma, entre outras as acometidas de luz, auga, teléfono, gas, así como calquera outra de análoga natureza que sexa imprescindible para a reforma do edificio existente e ampliación (servizos de obra) e para o correcto funcionamento ou servizo do centro obxecto da obra que se realice.

CUARTA.- O Concello comprométese, mediante este convenio, a facilitar ao Consorcio os informes, permisos, autorizacións e/ou licenzas que sexan necesarias para a realización da actuación obxecto deste convenio, e a asumir os custos das mesmas. A estes efectos o Concello de Ponte deume aprobará o proxecto básico e de execución da reforma e ampliación da Escola infantil.

QUINTA.- A inversión total para a reforma e ampliación da Escola infantil estímase na cantidade de 674.272,50 €, incluíndose neste importe os gastos de honorarios de redacción de proxectos e direccións de obra, consonte á seguinte distribución.

CONCEPTO	IMPORTE (ive engadido)
<i>Obra (segundo proxecto)</i>	<i>605.000,00 €</i>
<i>Redacción Proxecto Básico e Execución</i>	<i>18.000,00 €</i>
<i>Honorario Dirección obra</i>	<i>21.780,00 €</i>
<i>Honorario Dirección execución material</i>	<i>21.780,00 €</i>



Honorario Estudio xeotécnico	5.595,00 €
Honorario Estudio topográfico	2.117,50 €
Total	674.272,50 €

Para a obra de reforma e ampliación da escola infantil o Consorcio achegará a cantidade de 400.000.- € e o Concello a cantidade restante ata alcanzar o custo máximo estimado da inversión prevista. A estes efectos computaranse os gastos que o Concello xa ten feito na redacción do estudio xeotécnico e topográfico, proxecto básico e proxecto de execución ou os que poida facer en concepto de direccións de obra e coordinación de seguridade, previa xustificación. A achega do Consorcio realizarase con cargo á partida 313I 231 622 dos seus orzamentos, financiándose polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020, Obxectivo Temático: 10. Prioridade de Inversión: 10.5. Obxectivo específico: 10.5.1.

Os pagamentos do Concello ao Consorcio efectuaranse previa xustificación do gasto realizado, consonte o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, de desenvolvemento do anterior, para o que o Consorcio deberá presentar os correspondentes xustificantes de gasto debidamente certificados polo órgano competente.

No suposto que a inversión prevista supere a cantidade estimada na cláusula V, a financiación do exceso se realizará asumindo o Consorcio o 50 % da cantidade resultante e o Concello o outro 50 %.

As modificacións que supoñan unha alteración no proxecto e que conleven o incremento ou diminución da contía das obras, deberán contar coa aprobación previa do Concello.

O Concello de Pontedeume reflectirá nos créditos orzamentarios do exercicio 2017 as cantidades correspondentes as achegas comprometidas segundo o previsto nesta cláusula, e procederá ao abono de ditas cantidades no ano 2017.

As anteditas obrigas estarán condicionadas a dispoñibilidade de crédito adecuado e suficiente no seu momento, para facer fronte as mesmas por parte do Concello de Pontedeume.

A estes efectos, a aportación do Concello de Pontedeume computará os gastos que o Concello xa ten feito redacción do estudio xeotécnico e topográfico, proxecto básico e proxecto de execución ou os que poida facer en concepto de direccións de obra e coordinación de seguridade, previa xustificación, así como a diferenza respecto a aportación do Consorcio no importe total da execución da obra, segundo a táboa de distribución prevista no presente convenio e coa proporcionalidade igualmente establecida en canto ós posibles excesos. As cantidades a aportar polo Concello de Pontedeume e referidas a execución da inversión, faranse efectivas previa xustificación da súa realización.

SEXTA.- A posterior xestión da escola infantil seguirá correspondendo ao Concello.

SÉTIMA.- O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e estenderá a súa vixencia mentres dure o fin que o motiva.

OITAVA.- A efectos da resolución das dúbidas interpretativas que puideran xurdir con ocasión da execución do presente Convenio, constituirase unha comisión de carácter mixto integrada por, cando menos, un representante de cada unha das partes.

NOVENA.- Serán causas de resolución do presente convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.

DÉCIMA.- O presente convenio terá carácter administrativo, rexéndose, aos seus efectos, polo disposto nas cláusulas do mesmo e, no seu defecto, polos principios xerais establecidos no Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, xunto coas demais disposicións legais vixentes en materia de contratación administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

triplicado exemplar no lugar e data expresados.

En Santiago de Compostela, __ de _____ de 2016

O PRESIDENTE DO CONSORCIO GALEGO DE
SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR

O ALCALDE DO
CONCELLO DE PONTEDEUME


SEGUNDO.- Facultar ao Sr. Alcalde do concello de Pontevedra para a sinatura do "Convenio de Colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Pontevedra para o financiamento das obras de reforma e ampliación dunha escola infantil no concello de Pontevedra" e demais trámites e xestións que deste se deriven.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar da Xunta de Galicia aos efectos oportunos.

Pontevedra, a 15 de setembro de 2016

O Alcalde,

D. Bernardo Fernández Piñeiro"



A Presidencia abre a quenda de intervencións indicando que derivado deste Convenio, o Concello de Pontevedra sufragará o 40% do custo da actuación, ao redor de 150.000 euros, correndo o resto do investimento a cargo do "Conorcio"; que as actuacións son para a reforma total da edificación existente, co aproveitamento das tres plantas, así como para a construción dun novo módulo, axeitado aos requirimentos de "Patrimonio": comunicación entre os dous edificios coa instalación dunha pérgola, modificación da entrada principal recuperando o edificio orixinal...; Informa que con esta actuación incrementariáanse en 74 as prazas ofertadas, cubrindo así a demanda existente.

De seguido, o Sr. Alcalde outorga a palabra ao portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular (PP).

D. Francisco Javier Crespo Romeo quen inicia a súa intervención co agradecemento ao "Conorcio", á Consellería, o esforzo que está a facer pola Vila de Pontevedra; adianta que o voto do seu grupo vai ser a abstención xa que non viron o proxecto e que o lugar para o seu emprazamento non lles parece o axeitado, por ser unha zona "sombria" e "emparedada", apostando por un lugar máis soleado, remitíndose ao proxecto da creación desta infraestrutura no colexio "Couceiro Freijomil" que di: xa tiña contratada a Xunta con "Tragsa". Recorda que o edificio existente non cumpre cos requisitos da normativa e insiste en que ese non é o sitio. Considera que o goberno municipal ten pouca ambición, poñendo como exemplo que se falaba de proxectos máis sinxelos para o mercado, e que "escapa" a proxectos interesantes polo que invita ao goberno a que, ao igual que fixo co Mercado, recapacite e faga o mesmo co proxecto da gardería.

De seguido, toma a palabra Dña. Ana Veira García, portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas (BNG-AA) para indicar as preocupacións sobre o asunto do seu grupo, tendo en conta que non teñen coñecemento do proxecto e que algunha das preguntas que ían plantexar xa foron respondidas sucintamente polo Sr. Alcalde, como é o número de prazas que se gañan coa execución deste proxecto. Cualifica como "ninguneo" á oposición o feito de que non se lles tivera convocado para presentarles o proxecto e fai referencia ás cuantificacións económicas (cláusula 5ª) que indica "non se sabe quen fixo". Dito isto, pregunta se a dirección de obra non pode correr por conta dos técnicos municipais e aforrar así ese gasto.

Toma a palabra o Sr. Presidente. D. Bernardo Fernández Piñeiro, en resposta a isto último, indica que a realización da dirección de obra por parte dos técnicos municipais non é posible á vista de que xa se van encargar da dirección da obra do Mercado; que xa se ten valorado e que á vista do máximo de 80h extra que poden facer, non se ve factible xa que se paralizaría o departamento de urbanismo, cos conseguintes prexuízos para o Concello.



A Sra. Veira García indica que considera que non é de recibo terse que enterar de todas estas cousas no Pleno, e que hai falla de comunicación e transparencia. Pregunta pola "Biblioteca Gurméndez" tendo en conta que se van dedicar á Escola Infantil os 3 andares do edificio actual "Chalé Rosa", onde está emprazada na actualidade.

Dende a Presidencia indícase que se está en conversas con ABanca para trasladar os fondos da "Biblioteca Gurméndez" a un edificio propiedade desta entidade, unha vez que se tivo falado coa familia.

A portavoz do BNG-AA pregunta polo custe económico deste traslado, respostando D. Bernardo Fernández Piñeiro que o obxectivo é facelo con medios propios, sen custos para as arcas municipais.

Dña. Ana Veira pide tamén unha aclaración sobre o alcance da reforma, que o Alcalde cualificou como "total" e fai referencia ás denuncias por humidades que ten realizado o BNG. O Alcalde explica que se trata do baleirado do edificio e facer unha única escola, que se vai rehabilitar integramente.

A Sra. Veira García bota en falta o informe da Intervención e o modo de financiamento xa que se trata de gastos que terán lugar no 2017, preguntando se se tería que ir a un crédito, contestando o Alcalde afirmativamente a esta cuestión. A concelleira do BNG-AA conclúe a súa intervención anunciando a abstención do BNG-AA na votación da proposta xa que considera que o asunto ven ao Pleno con demasiadas eivas, se ben considera que se trata dun proxecto importante para dar o servizo, polo que, seguindo coa súa "política de non poñer pedras no camiño" vanse abster.

Toma a palabra o Sr. Alcalde. O Sr. Fernández Piñeiro defende como asumible a realización deste proxecto, fronte ao que había, e indica que lle gustaría saber de onde ía o goberno anterior "quitar os cartos" para levalo adiante. Considera que ademais de ambición hai que ter responsabilidade na xestión e que non é certo que a obra estivera contratada. Di que se buscou unha alternativa a un proxecto que ía supoñer para as arcas municipais como mínimo de 350 mil euros, ademais do 40% dos gastos de funcionamento, o que cualifica como inasumible para as arcas do Concello; que Pontedeume, en liñas xerais é sombrío e que o "Couceiro Freijomil" está baixo un talude de 15m e con edificios de 5m. Indica que se optou por un proxecto moito máis económico que dera o servizo demandado pola veciñanza, mantendo o número de prazas novas; que se estivo a traballar con anteprojectos, ata 5, que foron adaptados aos requirimentos de Patrimonio e que polo tanto, o proxecto definitivo estase a redactar e que tan pronto como "chegue" ao Concello daráselle traslado aos grupos para o seu acceso. Insiste en que é por petición do propio "Consortio" que se trae hoxe ao Pleno e indica que se estivo traballando ata o último día.

Intervén D. Francisco Javier Crespo Romeo. O portavoz do grupo municipal do PP di que, sendo verdade que o Concello ten poucos recursos considera que dende o goberno se debe xestionar ante outras administracións para conseguilos; que o Concello xa acudiu a un crédito coa Deputación e que agora, no prazo dun ano, a outro. Defende a xestión do goberno anterior ante outras administracións para conseguir "lazos económicos".

En resposta á intervención anterior D. Bernardo Fernández Piñeiro di que o goberno anterior contou cuns fondos do estado, os do Plan E, que non requiriron de xestión por parte dos distintos concellos, cualificando as afirmacións do Sr. Crespo Romeo de "cinismo político", ao tempo que defende as xestións do seu equipo na consecución de fondos para a execución de actuacións en Pontedeume: saneamento, aglomerados..., cuxa suma cifra en máis de un millón seiscentos mil euros, ao que habería que engadir as obras incluídas nos distintos Plans Provinciais. Considera que o endebedamento é perfectamente asumible para o Concello e que se acudiu ao crédito da Deputación, puntualizando que é sen intereses, para a execución dunha obra urxente que da cobertura a un servizo básico evitando así os continuos cortes de auga que ven sufrindo a veciñanza de Boebre, problemática que o goberno anterior non tiña solucionado.

D. Francisco Javier Crespo Romeo di que o Concello de Pontedeume co goberno anterior tiña débeda 0 e que o proxecto da Gardería para Pontedeume foi planificado pola Xunta ao tempo que a Gardería de Fene.

Prodúcese un cruce de acusacións entre o Sr. Alcalde e o portavoz do Grupo Municipal do PP ao respecto das xestións ante outras administracións:

D. Bernardo Fernández Piñeiro propón ao Sr. Crespo Romeo a que o acompañe a facer as xestións ante esa Administración "superior" que o segundo considera que se debe de buscar financiamento, e así pide que conste

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

en acta. Volve preguntar ao portavoz do PP de onde ían "quitar" o medio millón de euros para o financiamento do convenio do Mercado e os seis centos mil da Gardería.

D. Francisco Javier Crespo Romeo responde que non vai ir.

D. Bernardo Fernández Piñeiro pide que conste en acta esta resposta.

O Sr. Crespo Romeo quere que conste en acta o seguinte: que o Alcalde ten que ir á Deputación, á Xunta e ao Estado e non ir ao banco.

Continúa o cruce de acusacións entre o Sr. Alcalde e o portavoz do Partido Popular.

Toma a palabra a portavoz do Grupo Municipal do BNG-AA que, logo de escoitar o debate anterior, manifesta que hai distintas formas de facer política. Indica que dende o seu grupo pídese poder participar na xestión dos asuntos e indica que "incluso se hai que ir, ir". Di que o BNG "quere estar" polo ben da vila en cantas actividades se podan facer, se ben piden "saber" antes, non despois. Sobre a forma de financiamento considera que non hai outra e lamenta que o portavoz do PP non poña "enriba da mesa" como considera que hai que facer as cousas para que a vila vaia mellor, facendo un chamamento á responsabilidade.

Unha vez rematado o debate sométese a proposta a votación, resultando **ADOPTADO** o **ACORDO**, por **7 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dña. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dña. Yolanda Vázquez Busto, Dña. Silvia Fornos Permuy e Dña. Marta Pico Machado e **5 abstencións** do resto dos señores e señoras concelleiros/as: PP(4): D. Javier Crespo Romeo, Dña. M^a Carmen Piñeiro varela, Dña. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez e do do BNG-AA (1): Dña. Ana Veira García, do seguinte teor literal:

PRIMEIRO.-Aprobar o "Convenio de Colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Ponte deume para o financiamento das obras de reforma e ampliación dunha escola infantil no concello de Ponte deume", cuxo texto se transcribe a continuación:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REFORMA E AMPLIACIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL NO CONCELLO DE PONTEDEUME

REUNIDOS

Dunha parte, José Manuel Rey Varela, Conselleiro de Política Social, en virtude da súa condición de Presidente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar segundo os estatutos que o regulan publicados no DOG núm. 131 do 7 de xullo de 2006.

E doutra, Bernardo Fernández Piñeiro, actuando en representación do Concello de Ponte deume, en virtude da súa condición de Alcalde Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 61 da Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente Convenio, no exercicio dos seus respectivos cargos, e dentro do marco dos principios de coordinación, colaboración e respecto mutuos que deben informar as relacións entre ambas as dúas administracións

EXPOÑEN:



I.- Que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (en diante o Consorcio), creado en virtude do convenio de colaboración suscrito o día 3 de xullo de 2006, ten como misión primordial, de acordo co artigo 6 dos seus estatutos, publicados no DOG do 7 de xullo de 2006, a participación na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local, (centros de prestación de servizos sociais de atención especializada e tamén centros de prestación de servizos sociais de atención primaria "cando así o solicite o concello interesado"), con atención especial á xestión integral de escolas infantís e na atención educativa e asistencial aos nenos e nenas menores de tres anos na forma de recursos, equipamentos, proxectos, programas e prestacións, no ámbito territorial dos entes consorciados.

Que o Consorcio nace así, de acordo ás súas finalidades e competencias, co obxecto de implantar un modelo homoxéneo de prestación de servizos sociais e desta maneira:

Garantir o acceso de todos os galegos e galegas a uns servizos sociais públicos de calidade, a través dunha oferta de recursos suficiente e equilibrada territorialmente;

Incrementar os niveis de cobertura, intensidade e calidade de atención dos distintos servizos e prestacións;

Realizar unha distribución efectiva dos servizos e prestacións a fin de dar resposta ás necesidades reais da poboación, asignando equitativamente o uso e acceso aos recursos sociais dispoñibles, a través de procesos de planificación previa, e tendo como principio de actuación o mantemento das persoas no seu contorno propio.

II. Que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar no cumprimento dos seus fins, quere desenvolver as actuacións necesarias para o financiamento das obras de reforma e ampliación dunha Escola infantil no Concello de Pontedeume no exercicio das competencias que se lle atribúen no artigo 7 dos seus Estatutos publicados no DOG núm. 131 do 7 de xullo de 2007.

III. Que o Concello de Pontedeume adheriuse ao Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar por medio de Convenio asinado o 5/10/2006.

IV. Que en base ao anterior, ambas as partes manifestan expresamente o seu desexo de asinar un CONVENIO DE COLABORACIÓN para o financiamento das obras de reforma e ampliación dunha escola infantil no Concello de Pontedeume.

Por canto antecede, as partes formalizan o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O presente convenio ten por obxecto regular o marco de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Pontedeume para o financiamento das obras de reforma e ampliación dunha Escola infantil neste concello.

SEGUNDA.- O Consorcio desenvolverá o procedemento de licitación pública e de adxudicación dos traballos de execución das obras correspondentes ao proxecto de reforma e ampliación da Escola infantil que será redactado e aprobado polo concello.

TERCEIRA.- O Concello é titular dunha edificación denominada "Chalet Rosa" destinada na actualidade a Escola infantil municipal que se sitúa na parcela con referencia catastral 7863311NJ6076S0001GW emprazada na Avenida Ricardo Sánchez s/n, no termo municipal de Pontedeume.

A parcela deberá ser posta a disposición e con cantos servizos sexan necesarios e a pé da mesma, entre outras as acometidas de luz, auga, teléfono, gas, así como calquera outra de análoga natureza que sexa imprescindible para a reforma do edificio existente e ampliación (servizos de obra) e para o correcto funcionamento ou servizo do centro obxecto da obra que se realice.

CUARTA.- O Concello comprométese, mediante este convenio, a facilitar ao Consorcio os informes, permisos, autorizacións e/ou licenzas que sexan necesarias para a realización da actuación obxecto deste convenio, e a asumir os custos das mesmas. A estes efectos o Concello de Pontedeume aprobará o proxecto básico e de execución da reforma e ampliación da Escola infantil.

QUINTA.- A inversión total para a reforma e ampliación da Escola infantil estímase na cantidade de 674.272,50

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

€, incluíndose neste importe os gastos de honorarios de redacción de proxectos e direccións de obra, consonte á seguinte distribución.

CONCEPTO	IMPORTE (ive engadido)
Obra (segundo proxecto)	605.000,00 €
Redacción Proxecto Básico e Execución	18.000,00 €
Honorario Dirección obra	21.780,00 €
Honorario Dirección execución material	21.780,00 €
Honorario Estudo xeotécnico	5.595,00 €
Honorario Estudo topográfico	2.117,50 €
Total	674.272,50 €

Para a obra de reforma e ampliación da escola infantil o Consorcio achegará a cantidade de 400.000.- € e o Concello a cantidade restante ata alcanzar o custo máximo estimado da inversión prevista. A estes efectos computaranse os gastos que o Concello xa ten feito na redacción do estudio xeotécnico e topográfico, proxecto básico e proxecto de execución ou os que poida facer en concepto de direccións de obra e coordinación de seguridade, previa xustificación. A achega do Consorcio realizarase con cargo á partida 313I 231 622 dos seus orzamentos, financiándose polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020, Obxectivo Temático: 10. Prioridade de Investimento: 10.5. Obxectivo específico: 10.5.1.

Os pagamentos do Concello ao Consorcio efectuaranse previa xustificación do gasto realizado, consonte o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, de desenvolvemento do anterior, para o que o Consorcio deberá presentar os correspondentes xustificantes de gasto debidamente certificados polo órgano competente.

No suposto que a inversión prevista supere a cantidade estimada na cláusula V, a financiación do exceso se realizaría asumindo o Consorcio o 50 % da cantidade resultante e o Concello o outro 50 %.

As modificacións que supoñan unha alteración no proxecto e que conleven o incremento ou diminución da contía das obras, deberán contar coa aprobación previa do Concello.

O Concello de Ponte deume reflectirá nos créditos orzamentarios do exercicio 2017 as cantidades correspondentes as achegas comprometidas segundo o previsto nesta cláusula, e procederá ao abono de ditas cantidades no ano 2017.

As anteditas obrigas estarán condicionadas a dispoñibilidade de crédito adecuado e suficiente no seu momento, para facer fronte as mesmas por parte do Concello de Ponte deume.

A estes efectos, a aportación do Concello de Ponte deume computará os gastos que o Concello xa ten feito na redacción do estudio xeotécnico e topográfico, proxecto básico e proxecto de execución ou os que poida facer en concepto de direccións de obra e coordinación de seguridade, previa xustificación, así como a diferenza respecto a aportación do Consorcio no importe total da execución da obra, segundo a táboa de distribución prevista no presente convenio e coa proporcionalidade igualmente establecida en canto ós posibles excesos. As cantidades a aportar polo Concello de Ponte deume e referidas a execución da inversión, faranse efectivas previa xustificación da súa realización.

SEXTA.- A posterior xestión da escola infantil seguirá correspondendo ao Concello.

SÉTIMA.- O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e estenderá a súa vixencia mentres dure



o fin que o motiva.

OITAVA.- A efectos da resolución das dúbidas interpretativas que puideran xurdir con ocasión da execución do presente Convenio, constituirase unha comisión de carácter mixto integrada por, cando menos, un representante de cada unha das partes.

NOVENA.- Serán causas de resolución do presente convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.

DÉCIMA.- O presente convenio terá carácter administrativo, rexéndose, aos seus efectos, polo disposto nas cláusulas do mesmo e, no seu defecto, polos principios xerais establecidos no Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, xunto coas demais disposicións legais vixentes en materia de contratación administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por triplicado exemplar no lugar e data expresados.

En Santiago de Compostela, __ de _____ de 2016

O PRESIDENTE DO CONSORCIO GALEGO DE
SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR"

O ALCALDE DO
CONCELLO DE PONTEDEUME

SEGUNDO.- Facultar ao Sr. Alcalde do concello de Pontedeume para a sinatura do "Convenio de Colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Pontedeume para o financiamento das obras de reforma e ampliación dunha escola infantil no concello de Pontedeume" e demais trámites e xestións que deste se deriven.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar da Xunta de Galicia aos efectos oportunos.

REMATE DA SESIÓN.

E non habendo máis asuntos que tratar o alcalde remata a sesión, sendo as nove horas e cincuenta e cinco minutos do expresado día "ut supra".

Autorízase o presente borrador da acta coa sinatura do alcalde e da secretaria, que dá fe, que se someterá a aprobación na vindeira sesión ordinaria que se celebre do mesmo órgano e a expensas do que resulte da correspondente aprobación.

O Secretario-Accidental

D. Alberto Pensado Seijas

V. e Pr.
O alcalde

D. Bernardo Fernández Piñeiro